


Economía pesqueira.

Achegas desde un curso universitario

MARÍA DO CARME GARCÍA-NEGRO
(Coord.)



gotelo blanco

A importancia das mulleres na pesca galega

Begoña Marugán Pintos¹

A ambición de substituír a vida por unha abstracción mental ten como consecuencia unha sociedade onde a economía devén insostíbel, a ciencia, destrutiva e a política, inhumana. Se pese a todo, a vida continua é porque nun nivel invisible, pero material e arraigado na terra, a tarefa civilizadora das mulleres establece unha ponte entre a percepción abstracta e deformada da realidade, e a realidade material da natureza. Porque as mulleres amamos o corpo coa mesma paixón con que amamos a liberdade.

BOSCH, AMORÓS e FERNÁNDEZ, 2003 p. 96.

Introdución

Da determinación do importante ou o insignificante deriva o criterio empleado para realizar esta valoración. O criterio económico foi o eixe dominante de valoración e, deste modo, interpretouse o importante a partir de valores, prezos, contías, pesos, medidas ou magnitudes. Así, ponderar a importancia do sector pesqueiro levaría a contabilizar o PIB que a pesca produce ou o número de empregos que xera, de onde se desprendería facilmente a importancia do sector pesqueiro galego no Estado español e en toda Europa. Porén, poderíase ir más alá e buscar o sentido más profundo do significante «importe», o que determina o fuste, a enxunlla, o miolo ou a esencia. Neste sentido pódese dicir que a pesca, en maior medida áinda que a agricultura,² non recibiu o

¹ Begoña Marugán Pintos, endereço electrónico: bmarugan@polsoc.uc3m.es

² Segundo os avances da socioloxía rural, Camarero Rioja (1997, p.11) conclúe que «implícita ou explicitamente, o rural estaba composto polo agrario e só o agrario componía o rural» e, de feito, se segue o desenvolvemento da socioloxía en España, apréciase a existencia dunha boa presa de estudos de calidade sobre o campesiñado. Algo que non existe sobre a pesca, posto que, como mantiña González Laxe (1977, p.13), «cando se caracteriza o sector primario, a pesca sempre desaparece, quedando a agricultura como sector predominante».

recoñecemento que pola súa importancia merece, xa que o modo de produción capitalista se encargou de inverter o valor das cousas, logrando con iso facer necesario o accesorio e superfluo o vital.

O elemental para a sostibilidade da vida (alimentos, afectos, coidados...) relégase e baléirase de significado para ceder o paso ao simbólico e inmaterial e, así, os datos macroeconómicos ocultan que o consumo de pescado en 2002 representou cando menos o 20% da inxestión *per cápita* de proteínas animais para 2.600 millóns de persoas no mundo (FAO, 2005).

Ao desvalorizarse o alimento, o afecto ou os coidados, tamén se infravalora e invisibiliza as persoas que se ocupan de desempeñar estes traballos. Apostar pola produción supuxo tanto a explotación do medio como a das persoas que fan a súa aposta pola sostibilidade da vida. Xa, San Xoán (4, 39) aludía á explotación duns sobre outros: «outros fatigáronse e vosotros aproveitásteos das súas fatigas».

Non foi difícil encontrar nas ciencias sociais denuncias da explotación do campo por parte da cidade. Jesús Ibáñez (1991, p. 96 e 98), desde a súa ollada de sociólogo crítico, afirmaba que a «relación entre o mundo rural e o mundo urbano está regulada en loita de clases; [...] sendo a cidade unha fábrica de merda, receptora de alimentos, emisora de excrementos. O campo, polo contrario, é emisor de alimentos e receptor de excrementos. A cidade transforma o alimento en excremento. [...] o campo transforma o excremento en alimento».

Incluso se pode ir máis aló e recuperar a importancia dunha actividade como a pesca e dignificar a partir do marxismo o traballo das persoas que exercen a mesma. En *O sustento do home*, Polanyi (1994) rastrexou a construción histórica da economía de mercado como un inmenso e violento proceso social artificial que non obedeceu a supostas características da natureza humana, senón a unha aposta ideolóxica, axiolóxica e política radicalmente diferente das formas anteriores en que os grupos humanos organizaran e integraran os recursos materiais e o seu contorno (Lahera Sánchez, 1999, p. 27). Así, a pesca, como a agricultura ou a gandaría, entre outras profesións, permitirían falar do «sustento do home». Deste modo resúmese o valor máis importante de pesca: servir de alimento ás persoas.

Resalta unha parte da proposta, resta agora a más complexa: argumentar a importancia das mulleres na pesca. Para iso habería que recordar que foi necesario que transcorrera unha década enteira, de 1960 a 1970, para que o

feminismo marxista³ saíse do paradigma masculino dominante⁴ e entendese que o traballo doméstico e de coidados é algo máis que unha tarefa que desempeñan as mulleres de forma natural mentres permanecen como «exército de reserva». A partir dos anos oitenta impúñase unha nova etapa nos estudos sobre o traballo doméstico onde autoras como Chiara Saraceno (1971), Laura Balbo (1978), Ulrike Prokop (1979) ou Cristina Borderías (1993), entre outras, fixeron un cambio conceptual e metodolóxico para revalorizar a orientación ás necesidades e coidado das persoas que as mulleres estaban desempeñando. Precisáronse unha serie de «rupturas conceptuais»⁵ –como mostraran Borderías, Carrasco e Alemany (1994) no seu espléndido libro⁶ para que se deixase de interpretar o traballo das mulleres⁷ a partir dun modelo de emprego produtivista masculino e se empezase a apostar pola sostibilidade da vida.

Por tanto, as bases teóricas en que se sustenta este artigo para valorar a importancia das mulleres na pesca en Galicia son a socioloxía crítica e certo feminismo marxista que nos permiten sustentar a idea da centralidade da sostibilidade da vida.⁸ Ao desprazar o criterio analítico do puramente económico ao social impõe unha nova mirada⁹ para comprender a importancia que a pesca e as mulleres na mesma tiveron, teñen e terán para garantir a permanencia da economía, a vida, a cultura e a sociedade pesqueira.

³ Especificamos esta liña concreta de pensamento feminista, xa que entendemos o feminismo, nos termos que o fai Carmen Castells (1996, p. 10): como «un pensamento e una práctica plural que engloba diferentes elaboracións intelectuais e diversas propostas de actuación derivadas, en todos os casos, do papel subordinado da muller na sociedade».

⁴ Ver BORDERÍAS, C.: «La feminización de los estudios sobre el trabajo de las mujeres (1969-1999)», en *Mujeres: unidad y diversidad. Un debate sobre la identidad de género*. Federación de Enseñanza de CCOO. Madrid, 2000, pp. 51-93

⁵ No Estado español destacan nesta tarefa autoras como Durán Heras (1988, 1991), Carrasco (1991), Rodríguez (1996) e Benerías (1999), que reconceptualizan o traballo e inclúen os procesos produtivos de bens e servizos orientados á subsistencia e reproducción das persoas para conceptualizar a actividade económica. Este empeño parece ter calado dentro da comunidade científica pois, como afirmara Carlos Prieto (1999, p. 141), «los estudios sociales sobre las mujeres han llegado a producir una verdadera "revolución conceptual" en la teoría de la relación salarial y hasta sobre la teoría social sin más».

⁶ BORDERÍAS, C., CARRASCO, C. e ALEMANY, C.: *Las mujeres y el trabajo. Rupturas conceptuales*. Icaria/FUHEM. Barcelona, 1994.

⁷ A pesar do debate da fin do traballo, neste artigo tómase o traballo como centro da análise e, polo mesmo, «comprende o complexo de actividades produtivas e reprodutivas desenvolvidas no mercado, na economía informal, na economía doméstica e familiar» como o elemento central de estruturación e posicionamiento social (Guerra, 1988, p. 13).

⁸ Na liña que sinala o grupo Dones i Treballs e que xa se utilizou en anteriores traballos. O libro de Amorós, Bosch, Carrasco, Fernández e Moreno (*Las malabaristas de la vida. Mujeres, tiempos y trabajos*. Icaria e Más Madera. Barcelona, 2003) serviu de base argumental do artigo de MARUGÁN PINTOS, B.: «Estrategias laborales ante los desafíos ecológicos globales», en *La ventana. Revista de Estudios de Género*, 17, vol II. 2002, pp. 107-139.

⁹ Esta busca de saír da orde economicamente imposta –á que quedou reducido o social– está inspirada nunha charla de Albert Recio onde impelia as organizacións sindicais a apuntar cara a modelos alternativos e recordaba que «los avances sociales del pasado se produjeron cuando la mayoría explotada supo elaborar sus propias propuestas de 'economía moral', de organización y vida social diferentes y forzar a las clases dirigentes a entrar en un debate en el campo contrario» (Recio, 1997, p. 176).

Asemade, o método de aproximación a esta realidade vai ser o histórico por entender que a vinculación das mulleres co mar variou ao longo do tempo, pero ademais porque este tipo de seguimento ofrece unha maior potencialidade para a análise estrutural.¹⁰ Expositivamente, pártese de mostrar o proceso de vinculación das mulleres co mar ao longo do último século e ver, por un lado, que o papel outorgado ás mulleres en terra e mais no espazo doméstico é importante e, por outro, de resaltar as especiais características que este proceso tivo en Galicia.

Estas dúas ideas serven para estruturar o artigo en dous grandes epígrafes. No primeiro darase conta de como o proceso de industrialización seguido no ámbito pesqueiro no Estado español foi desprazando as mulleres dos portos cara ao fogar. A liña dominante da modernización delimitaba así dous ámbitos claros de actuación marcados segundo o xénero, e se aos homes lles correspondía ocupar un papel instrumental, en termos de Parsons, e saír ao mar, ás mulleres relegóuselles ao ámbito doméstico. Así, durante décadas, as mulleres da costa, pertencentes a familias de pescadores, desempeñaron maioritariamente o rol de amas de casa, nais e esposas. A análise deste feito denunciouse no seu momento como unha limitación de poder, prestixio e autoridade feminina, o cal, evidentemente, é un modo de análise, pero non o único, posto que, aínda que pode ser certo que esta posición deixa as mulleres en situación de dependencia, sobre todo económica, non o é menos o feito de que esta análise seguía a lóxica ilustrada de valorar o público e o cultural desvalorizando o «privado» –ou debería denominarse «doméstico» (Murillo, 1996)– e o «natural», tan criticado ultimamente polo feminismo, ao entender que este modo de mirar a realidade contribuíu, unha vez máis, a infravalorar o traballo das mulleres e, en consecuencia, as propias mulleres. Agora ben, que o traballo doméstico e de coidados deba valorarse non debería levarnos á confusa idea de que, como agora, simbolicamente, se lle outorga un maior valor social –que debería ter o seu correlato material, por exemplo, nun recoñecemento de pensións de xubilación–, este deba seguir adscrito ás mulleres, sen que elas poidan elixir outras opcións.

No segundo epígrafe, trátase de resaltar a especificidade galega. Se a tendencia xeral foi a do afastamento progresivo das mulleres das profesións pes-

¹⁰ Unha ensinanza que debo ao curso de postgrao *Práxis de la Sociología del Consumo. Teoría y práctica de la investigación de mercados* que, co seu maxisterio, dirixiu durante máis de vinte anos o profesor Ángel de Lucas Matilla e ao emprego que Alfonso Ortí puxo na transmisión deste enfoque.

cadoras, esta tendencia invértese en Galicia, onde sobreviviron oficios tradicionalmente considerados como femininos.¹¹ Ademais, nos últimos anos as mulleres de determinados colectivos, como mariscadoras e redeiras, están facendo unha apostase pola profesionalización dos mesmos. O interese exemplarizante para o sector pesqueiro, así como para outros grupos de mulleres, dos pasos que as redeiras están dando, animan a redacción da última parte deste artigo, que prefire finalizar sen concluír, deixando esta tarefa aos lectores.

O traballo das mulleres do mar ao longo do último século. Revisando a valoración analítica dun proceso

Escribía hai pouco¹² que durante algún tempo estiven compartindo a idea de Janet Saltzman (1989:13) de que «as oportunidades colectivas das mulleres para elevar o seu status, con relación aos homes da súa sociedade, descansaban no seu acceso crecente ao traballo xerador de recursos». Porén, baixo esta esperanza nunha futura igualdade latía a sospeita de que non era no traballo onde reside a posibilidade de cambio, senón no valor que se lle atribúe ao mesmo. De feito, un mínimo percorrido histórico ao longo do último século permite constatar que as mulleres traballaron sempre e xeraron recursos e que foi o proceso de desenvolvemento capitalista o que reduciu as mulleres ao ámbito doméstico, lugar desvalorizado entendido como espazo de non-traballo. Por iso, neste apartado recordarase que houbo un tempo no que existían oficios marítimos femininos que pouco a pouco deixaron de existir. As mulleres dedicáronse maioritariamente ao traballo comunitario, doméstico e de coidos, o que desde o noso punto de vista ten unha importancia vital.

O modo de vida dos pobos pescadores e o legado social que as mulleres adquieren dentro dos mesmos configúrase en estreita relación coa actividade marítima, pero a vinculación das mulleres co mar variou ao longo das sucesivas modernizacións da pesca.¹³ Mediante a análise histórica do traballo desempe-

¹¹ A investigación realizada de GAGO CONDE e outras (2004), a partir de fontes primarias, fixa nun 16,3 a porcentaxe de mulleres que traballa no sector pesqueiro galego.

¹² Ver MARUGÁN PINTOS, B.: «Explorando novas posibilidades de transformación», en RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, P.: *Mulleres e empregos en tempos de globalización*. Icaria, Barcelona (no prelo).

¹³ Sobre a xénesis, fases e disformidades do desenvolvemento histórico da pesca en España, no marco de acumulación capitalista, a través das sucesivas modernizacións pesqueiras, ver MARUGÁN PINTOS, B.: *Paradojas de la modernización. Vivencias de los pescadores españoles, de sus condiciones de vida y trabajo*. Tese doutoral. Facultad de Ciencias Políticas y Sociología. Universidad Complutense de Madrid. 2003

ñado polas mulleres no mar ao longo do último século móstrase como o proceso de desenvolvemento capitalista na pesca foi reducindo o abano de oficios femininos, recluíndo as mulleres no fogar (Marugán, 1995). Este feito privariaas de autonomía económica, presenza pública e protagonismo social (Montero Llerandi, 1986; Sánchez Fernández, 1992; Rubio-Ardanaz, 1994; Marugán, 1995). A usurpación deste protagonismo tras a progresiva desaparición de determinados oficios marítimos tradicionalmente femininos resultaba obvia despois de ler as monografías sobre este sector de principios de século (Le Play, 1856; Díez Montoya, 1908) e o que sucedería despois (Rubio-Ardanaz, 1994; Gómez e outros, 2000).¹⁴

Ao longo do último século produciuse un cambio dun modo de vida comunitario a outro de tipo máis societario, en termos de Tönnies, onde a familia deixou de ser unidade de producción para pasar a ser unidade de consumo. Este cambio tamén se observa no ámbito marítimo.

Dunha primeira etapa tradicional, como gusta denominar a Carmona e García Lombardero (1988), na que, no manexo das artes das praias, cooperaba a comunidade e toda a poboación costeira, composta de mulleres, homes e nenos, e todos arrastraban e viraban por igual, foise pasando ás explotacións de carácter familiar, pero igualmente tradicional, onde a familia participaba na creación dos aparellos e as redes, encontrando unha primeira división sexual do traballo, xa que do tinguido e reparación das redes se ocupaban as mulleres.

Coa introdución do vapor finaliza este período tradicional no que a familia constituía unha unidade económica e, desde un novo modo de producción, impõe a división social do traballo. Os emprendedores, en moitos casos cataláns, experimentan coas novas técnicas de arrastre que requieren potentes embarcacións para o seu uso. As tripulacións (moitas delas galegas e andaluzas), compostas por homes, afástanse cada vez máis das súas costas e as mulleres quedan en terra encargadas dunha serie de actividades relacionadas coa pesca, como a descarga e venda do pescado, a súa conservación, o aprovisionamento dos barcos ou a reparación das artes e de todas as demás tarefas relativas ao coidado da familia e da vida comunitaria. Nese momento prodúcese o cambio dunha sociedade tradicional, na que áinda moitas mulleres da costa pululan polos portos enchéndoos de vida no desempeño de oficios «tipicamente femininos» (carreteiras, secadoras de pescado, vendedoras, cinguidoiras...), a

¹⁴ Ver MARUGÁN PINTOS, B.: (1995): «As mulleres no ámbito marítimo-pesqueiro», en *O Campo*, 133. 1995, pp. 239-265.

outra sociedade industrial na que o número destas tende a ser cada vez menor. Un número que se reducirá áinda máis co desenvolvemento industrial e a introdución de novas tecnoloxías de navegación e conxelación que permitirán aos buques traballar en caladoiros cada vez más arredados. É entón, a mediados de século, cando o dimorfismo sexual laboral (que asocia aos homes co público e ás mulleres co doméstico-privado) adquire no sector pesqueiro toda a súa forza. Só en determinadas comunidades como a galega, pola súa importancia pesqueira,¹⁵ sobreviven algúns oficios pesqueiros femininos, como se terá ocasión de ver nas páxinas seguintes

Valoración do traballo doméstico e de coidado das mulleres do sector pesqueiro

Durante o último medio século o dimorfismo sexual actualízase neste sector de forma especial. Frente ao traballo desempeñado en terra, o mar outorga un significado especial á actividade. En termos xerais, dentro do colectivo mariño, dáse unha distribución asimétrica dos espazos de homes e mulleres: para os homes é o mar e o laboral, para as mulleres a terra e a familia. Mantéñense unha serie de crenzas que permiten, tanto por parte de homes como de mulleres, a continuidade da división sexual do traballo. Ao home asígnaselle o traballo remunerado e á muller, as actividades más puramente reprodutivas (non retribuídas). Os prexuízos, supersticións, tradicións e necesidades de reproducción social existentes adornáronse de lexitimidade legal, agravando a segmentación sexual. Ata o Decreto 3.154/79, o «ser varón e maior de quince anos» foi requisito previo para a obtención do certificado de competencia mariñeira e sen o que non se podía embarcar. E, aínda que a historia naval legou unha presa de nomes de mulleres que pilotaron barcos, e que «con toda probabilidade son áinda más numerosos os feitos de mar protagonizados por mulleres¹⁶ que non coñecemos, nin coñeceremos xamais, porque a morte, o esquecemento ou un disfraz a proba de sospeitas, se interpuxeron para sempre entre elas e o seu seguro e público renome» (Alonso-Barcón, 1986), o traballo a bordo e, en concreto, a pesca, foi e segue sendo unha das profesións

¹⁵ En Galicia está o 51,7% da afiliación en pesca do REM (Ficheiro de afiliación da Seguridade Social de xuño de 2008).

¹⁶ Como pode lerse na obra de CORDINGLY, D.: *Mujeres en el mar. Capitanas, corsarias, esposas y rameras*. Edhasa. Barcelona, 2003.

consideradas masculinas, vetadas áinda para as mulleres, como demostra o conflito da Albufera valenciana, onde as primeiras pescadoras puideron botar as súas redes no Lago, non sen dificultades, en outubro de 1999.¹⁷

O mar é un espazo de illamento e o barco, un centro de confinamento. O desempeño da actividade no mar (ás veces por longos períodos, no caso dos mariños de altura, e de longas estancias diárias, nos de baixura) leva aparellada unha serie de consecuencias na organización social, tanto para as persoas que están mar a fóra, como para as familias que quedan en terra. Pío Baroja, en *Las inquietudes de Shanti Andía*, recorda que nas familias de mariñeiros de altura «os homes vanse polos mares, mentres as mulleres quedan en terra cos cativos e deben dirixir algo máis que os asuntos domésticos» (1991:14).

A familia mariñeira organízase en función dun modelo propio de «laboriosidade doméstica», cun sobredimensionamento extensivo e intensivo das funcións e responsabilidades das mulleres como «amas de casa». As amas de casa marítimas son as encargadas de realizar o traballo doméstico que engloba unha pluralidade de tarefas realizadas ao mesmo tempo, cunha constante xestión do tempo e o espazo. O coidado da casa e a atención material da familia marcan grandes áreas de traballo relacionadas coa alimentación, a limpeza da casa e do vestiario, a hixiene e saúde dos fillos, ás que hai que engadir a educación e o coidado dos nenos. Elas son as responsables da intendencia xeral, o que as

¹⁷ Desde a Idade Media, realizaña na Albufera a pesca no Lago. O dereito a exercer a pesca obtiñase mediante subasta pública na Confraría de Pescadores. As parcelas eran iguais para todos, posto que o principio que rexía na comunidade era o de igualdade (só destruído coa plantación de arroz, como conta Blasco Ibáñez en *Cañas y Barro*). Para que perdurase unha poboación constante, o sistema de transmisión da heranza consistía en que o *redolí* (dereito de pesca nunha zona do Lago) se transmitía do avó ao primeiro neto home. Esta situación perdurou durante séculos, así e todo, hai uns anos, a Asociación Thirius esixiu o dereito de cinco mulleres ao *redolí*. A súa petición chegou ata o Tribunal Constitucional que ditaminou ao seu favor en 1999. Con todo, en xullo dese ano, cando debía realizarse o sorteo, os confrades decretaron paro biolóxico argumentando problemas de supervivencia da anguia. O Concello de Valencia tomou cartas no asunto e preparou un sorteo. Tanto a execución provisional da sentenza como o mesmo sorteo, realizado a instancias do Concello, foron recorridos pola Comunidad de Pescadores do Palmar. O Tribunal Superior de Xustiza da Comunidad Valenciana ditaminou a favor da Comunidad de Pescadores, pero as mulleres recorren novamente ante o Supremo e este deulleles a razón. Porén, a comunidade de pescadores seguiu poñendo trabas ao seu ingreso. Agora esixían que as novas incorporacións fosen avaladas por dous dos confrades e, como expulsaran os homes que apoiaron as demandantes, e ainda que puido acceder algunha muller a ese dereito, pechouse o paso ás mulleres de Thirius.

Agora, a principios de 2008, unha sentenza do Tribunal Supremo considera que a Comunidade intentara, ata a data, impedir o libre acceso das mulleres á entidade escudándose en defectos formais e discriminándooas no terreo laboral a causa do seu sexo e amparándose nunha cuestión de formalidades baseadas en normas de derecho hereditario. «Unha cuestión absolutamente anticonstitucional desde o momento en que se lles impide desenvolver unha actividade laboral idéntica á que desenvolven os homes. Ademais, a sentenza obriga tamén a modificar os estatutos da entidade para que no futuro calquera muller poida solicitar o ingreso na mesma e, xa que logo, exercer o seu dereito a pescar na Albufera».

converte nas administradoras do orzamento familiar. E, así e todo, a pesar do sobredimensionamento das «súas tarefas», o seu traballo baleirábase de valor desde unha socioloxía que utilizaba enfoques e categorías deseñadas a partir do referente salarial masculino.

Pero é que, incluso desde este enfoque, se deben ter as mulleres en conta, xa que, no momento actual de globalización económica, a contaminación e a sobredimensionada frota de todo o mundo levan ao progresivo esgotamento das reservas mariñas e a sobreexplotación dos mares reducindo considerablemente a cantidad e calidad das capturas, mentres o prezo dos gastos de produción (sobre todo do gasóleo) segue aumentando. As ganancias redúcense e incluso a algúns pescadores non lles está resultando fácil manterse (a si mesmos e ás súas familias) con este traballo. Para poder seguir subsistindo como pescadores, as economías familiares precisan da colaboración de todos os seus membros. Nun sector onde o 64,25%¹⁸ dos traballadores cobran baixo a forma de «retribución á parte»,¹⁹ a contribución das mulleres é fundamental. Ademais das estratexias de diversificación profesional coas que as mulleres²⁰ están contribuíndo de maneira eficaz á sostibilidade das economías familiares (coser redes, recoller froitas, fabricar conservas, alugar casas para o turismo...),²¹ estas dedican gran parte do seu tempo á produción de produtos e servizos familiares sen recibir por iso retribución ningunha,²² xa que, no ámbito pescador, as mulleres se ocupan, praticamente en exclusiva,²³ do traballo doméstico.

¹⁸ Segundo os datos que ofrece o ficheiro de afiliación da Seguridade Social de xuño de 2008.

¹⁹ Baixo a modalidade de «retribución á parte», os membros da tripulación reciben, segundo a súa categoría, a parte que lles corresponde de deducir «o monte menor», ou os gastos que xerou esa embarcación, ao «monte maior», ou beneficios obtidos mediante a venda das capturas.

²⁰ Na investigación *Mujer, familia y trabajo: la situación de las mujeres en las comunidades pesqueras* de DÍEZ e MARUGÁN (1988), fixábase nun 10% a taxa de actividade extramdoméstica das mulleres mariñeiras. Pero, no momento actual, non se coñece este dato, nin existe a posibilidade de acceso, agás unha investigación específica, ao mesmo.

²¹ PASCUAL-FERNÁDEZ, J. J. e DE LA CRUZ MODINO, R.: «Mujeres, reservas marinas y estrategias de diversificación en las poblaciones litorales. El caso de los restaurantes de pescado», en FRANGOUDES, K. e PASCUAL-FERNÁDEZ, J. J. (eds.): *Women in Fisheries and Aquaculture. Lessons from the past, current actions and ambitions for the future*. Asociación Canaria de Antropología. La Laguna, 2005, pp. 247-263 (<http://conference.fishwomen.org>).

²² O informe do INE, *Cuentas satélites de los hogares*, realizado por Víctor Casero e Carlos Angulo (2008), demostraba que o valor do traballo realizado no fogar (atenção da casa, os fillos ou os maiores) que non se computa no produto interno bruto, supón máis do 27% do PIB nacional, uns 285.600 millóns de euros. As mulleres achegan o 73% deste traballo non remunerado. É dicir, que, dun total de 46.375 millóns de horas de traballo ao ano realizadas nos fogares e non contabilizadas na produción nacional, as mulleres realizan 33.872 millóns de horas. Este exercicio teórico tamén se explorou en economías como a galega. O Instituto Galego de Estatística (IGE), en 2003, estimou o valor engadido bruto (VEB) xerado polas tarefas e servizos domésticos non remunerados dos fogares galegos en 15.149 millóns de euros, o que supuxo unha achega estimada ao PIB de máis do 30%. Os datos da conta satélite da produción doméstica mostraban que o colectivo feminino realizaba o 74% do traballo produtivo do fogar.

²³ No libro *La mujer en el mundo de la pesca en Galicia* sinálase que só o 1% das mulleres recoñecen non ter que compaxinar os labores de casa coas do mundo do mar (Gago, 2004: 47).

Ante a ameaza de risco ecolóxico global que supón a pobreza (Beck, 1998), o medio mariño vese así auxiliado polas mulleres xa que, canto pescado sería necesario extraer do mar se houbese que pagar o traballo que fan as mulleres de costura, limpeza, enfermería, educación, cociña, coidados... Se o sistema non pode, nin económica nin ecoloxicamente, pagalo, polo menos fagamos o xesto inicial de recoñecer estas contribucións das mulleres á sostibilidade da vida.

Pero as mulleres non só achegan bens e servizos no ámbito doméstico, a estes habería que engadir outros aspectos como os psicolóxicos e ideolóxicos, difíciles de cubrir fóra da unidade familiar. O rol da familia, en particular da nai, no proceso de socialización dos nenos e as nenas segue sendo primordial. As condicións de vida que se derivan da actividade laboral dun marido mariñeiro ausente tradúcense, na práctica, nunha organización familiar de tendencia uniparental baseada na figura da muller-nai onde ela desempeña o dobre papel de nai e pai á vez.²⁴

Tampouco se pode dicir que «as mulleres do mar» esteán ausentes no ámbito público. Hai asuntos, como as xestións bancarias, a compravenda do que faga falta (unha casa, un coche...), o aluguer, os trámites coas Administracións públicas, os papelames de nóminas ou da Seguridade Social, dos que se ocupan estas amas de casa. Ademais son elas as que acoden ás reunións do colexio, organizan as festas da vila, promoven asociacións, incluso se organizan, cando cómpre, para loitar por dignificar a profesión dos seus esposos, como sucedeu coa folga polo convenio do banco canario-sahariano en 1988.²⁵ Noutras palabras, as contribucións das mulleres tamén son importantes na construción do «pro común», ou esa estratexia exitosa de capacidades para un colectivo humano (Lafonte, 2007, p. 16), lóxica presidida pola economía do «don»²⁶ e non a do «diñ»-eiro.

E, así e todo, a pesar disto, desde a lóxica produtivista mercantil, o traballo doméstico aparecía como un traballo improdutivo e, por tanto, irracional. Frente ao ideal de progreso que supón o éxito persoal laboral, coidar e educar outros, asegurar a convivencia, previr a enfermidade e, en xeral, todo o que se

²⁴ E, ademais ten que ocuparse de transmitir a existencia dos seus pais e procurar que os lazos entre fillos e pais se mantean cando estes non se relacionan, algo que é unha enorme responsabilidade. Neste sentido, a Asociación Rosa Dos Ventos, de Vigo, fixo unha campaña preciosa sobre conciliación, invertendo a lóxica pola que parece que as que teñan que conciliar sexan as mulleres. Elas o que pedían era o dereito dos homes do mar a conciliar a súa vida laboral coa familiar.

²⁵ É curioso comprobar como nas reunións da UE os grupos de mulleres de toda Europa son «esposas de pescadores». En España a organización más coñecida é a de Rosa dos Ventos, que xa se mencionou.

²⁶ MAUSS, M.: *Sociedad y Ciencias Sociales. Obras III*. Barral Editores. Barcelona, 1972.

entendeu como doméstico, estaba desprestigiado socialmente. Presentábanse as amas de casa como mulleres que renunciaran a participar no mundo real (Osborne, 1993) e non se contemplaba a idea de que este puidese considerarse desde «unha perspectiva que entendese que o traballo doméstico responde a unha lóxica ben diferente da que domina o ámbito mercantil, porque coloca o coidado da persoa como centro do sistema de organización do traballo» (Borderías, 2000, p. 54).

Como mantivera do Re (1995, p. 76), aínda que raramente se relaciona o traballo de reproducción co proceso de acumulación do que é fundamento, convén recordar que «a reprodución xeracional e a reproducción persoal dos individuos é a condición primaria para que exista a producción de mercancías» e, aínda que debería poder ser elixido, este traballo é imprescindible para satisfacer as necesidades humanas. Por tanto, se as mulleres non se tivesen ocupado en terra da reproducción material, simbólica e cultural, as sociedades pescadoras non existirían.

A especificidade das mulleres no sector pesqueiro galego: continuidade do emprego feminino marítimo

Como vimos dicindo, é obvio que o mar non foi un espazo propicio para o emprego feminino. Os datos de afiliación ao Réxime Especial da Seguridade Social do Mar (REM), que sería a información oficial que mellor describiría (aínda que con moitas limitacións)²⁷ as dimensións da poboación mariñeira activa, evidencian este feito. As mulleres afiliadas ao REM só supón o 14,8% da afiliación total a este réxime especial,²⁸ proporción lixeiramente superior á do

²⁷ O Réxime Especial da Seguridade Social do Mar inclúe mariña mercante, estiba e pesca. Dentro destas actividades figuran os traballadores empregados e os que o fan por conta propia. Dentro dos traballadores por conta aldea figuran as persoas que traballan nas oficinas das consignatarias, ainda que o seu posto de traballo non estea no mar, mentres que deixá fóra do mesmo os traballadores e traballadoras que desenvolven actividades relacionadas coa pesca, pero en terra, como é o traballo das conserveiras, comercio polo miúdo de pescado ou administración e servizos relacionados coa pesca.

²⁸ O que non significa que sexa esta a proporción de mulleres que traballan no mar, posto que hai mulleres que traballan sen darse de alta por entender que a súa actividade é unha extensión dos seus «labores domésticos», coa que obténen unha pequena «axuda» coa que contribuir á economía familiar. O problema é calcular o colectivo feminino que formaría parte da economía somerxida, posto que, por exemplo, no caso das redeiras de Galicia, mentres que o estudo de Gago Conde, C. e outras (2004), realizado mediante enquisas, cifra nun 15% a ausencia de afiliación das redeiras á Seguridade Social, o propio colectivo, a través da Federación Galega de Redeiras O Peirao, no encontro que mantiveron o 8 de novembro de 2007, cifraba nun 65% a porcentaxe de persoas que, traballando no cosido e reparación das redes, non están dadas de alta na Seguridade Social.

Réxime Especial da Minería do Carbón, onde só un 5,4% da súa afiliación é feminina.²⁹ Dous sectores, por outra parte, en claro retroceso, o que leva a sugerir a hipotética relación entre emprego feminino e modernidade tardía ou posmodernidade,³⁰ na que prima a empregabilidade por enriba de todo.³¹

Evolución da poboación afiliada ao REM por sexos

Ano	Homes	%	Mulleres	%	Total
2004	76.951	86,18%	12.340	13,82%	89.291
2005	74.725	85,74%	12.427	14,26%	87.152
2006	72.408	85,53%	12.249	14,47%	84.657
2007	70.934	85,30%	12.224	14,70%	83.158
2008	68.633	85,13%	11.986	14,87%	80.619

FONTE: Ficheiro de afiliación da Seguridade Social do Réxime Especial do Mar de xuño de 2008.

Esta diminución é unha consecuencia da perda de postos de traballo na pesca. Aínda que a porcentaxe de mulleres na pesca é lixeiramente superior ao do conxunto do mar.

Evolución da afiliación ao REM en pesca por sexos

Ano	Homes	%	Mulleres	%	Total
2004	43.566	83,62%	8.534	16,38%	52.100
2005	41.607	83,15%	8.431	16,85%	50.038
2006	39.423	82,84%	8.169	17,16%	47.592
2007	38.295	83,05%	7.816	16,95%	46.111
2008	35.529	82,58%	7.493	17,42%	43.022

FONTE: Ficheiro de afiliación da Seguridade Social do Réxime Especial do Mar en xuño de 2008.

²⁹ A afiliación ao Mar e á Minería do Carbón continúan sendo redutos masculinos, mentres en ocupacións tradicionalmente femininas, ligadas co doméstico, os homes son praticamente invisibles. No Réxime de Empregados de Fogar son mulleres o 93,3% da poboación afiliada ao mesmo.

³⁰ O que levou primeiro a falar de "feminización do traballo" (Borderías, 2000) e posteriormente, desde o Seminario Feminismo e Cambio Social (1998): "domesticación" do mesmo. Para coñecer este debate ver o monográfico da *Revista Relaciones Laborales* núm. 26 (2): en imprenta, onde tamén se dá conta da historia deste grupo de estudos pertencente ao Instituto de Investigaciones Feministas, do que desde os seus inicios en 1998 formo parte e ao que debo gran parte do meu percorrido teórico.

³¹ Da comparación, en números absolutos, entre a afiliación de homes e mulleres a os distintos Réximes do Sistema da Seguridade Social despréndese o crecemento progresivo do emprego feminino naqueles sectores menos tradicionais. Así as mulleres non están no ámbito marítimo (con 68.936 afiliados) e mineiro (con 7.988 afiliados): sectores tradicionais e moi masculinizados, nos que a poboación é cada vez máis reducida, pero en cambio as mulleres son xa o 43,71% dos 14.863.842 de persoas afiliadas ao Réxime Xeral da Seguridade Social e, como xa se dixo, son mulleres o 93,3% dos 282.472 afiliados ao Réxime de Empregados de Fogar, ámbito este, o do traballo doméstico e de atención ás persoas, onde o emprego tende a aumentar e nos anima a seguir falando de "domesticación do traballo".


O emprego feminino na pesca presenta unha primeira característica e é que se trata dun «emprego por conta propia» xa que o 80,9% das mulleres que traballa no sector pesqueiro no Estado español o fai por conta propia, en distintas actividades:

Actividades da afiliación por conta propia

Actividade	Homes	Mulleres	Total
Extracción de Produtos do Mar	141	11	152
Redeiros	102	747	849
Mariscadores a pé	1.106	3.983	5.089
Compoñente com. de bens ou soc.civil	104	4	108
Colaborador familiar	56	24	80
Socio Cooperativa	1		1
Autónomo Grupo III embarcado	5.643	474	6.117
Autónomo con barco de menos de 10 t sen traballadores por conta allea	298	5	303
Autónomos de mexilloeiras	1.200	621	1.821
Peixeiras	3	190	193
TOTAL	8.654	6.059	14.713

FONTE: Ficheiro de afiliación da Seguridade Social do Réxime Especial do Mar de xuño de 2008.

Se a primeira característica das mulleres afiliadas ao REM é que traballan por conta propia, e concretamente, en determinados sectores (mariscadoras, redeiras, mexilloeiras e propietarias de pequenas embarcacións), a segunda característica é a súa situación xeográfica, residindo a maioría en Galicia. É aquí onde reside a especificidade galega, posto que, se no resto do Estado o emprego feminino marítimo praticamente desapareceu, en Galicia as mulleres se-



Distribución territorial das mulleres da pesca

FONTE: Ficheiro de afiliación da Seguridade Social do Réxime Especial do Mar de xuño de 2008.

guiron practicando os oficios que lles ensinaran as súas nais e a estas as súas avoas, co que isto supón de conservación da heranza cultural e de transmisión de coñecementos e habilidades tradicionais.

Da importancia económica da pesca galega dan conta as súas institucións oficiais,³² pois non só da emprego directo a máis de vinte mil mariñeiros, acuicultores e mariscadoras, senón que existen un número importantes de empregos indirectos arredor dela (na industria conserveira, o comercio, a estiba...).³³

Datos de emprego na pesca

Actividade	Nº de empregos
Marisqueo a flote	3.465
Pesca costeira	7.251
Pesca de altura	5.369
Marisqueo a pé	5.057
Acuicultura	4.614
Total	25.756

FONTE: IGE. *Macromagnitudes da Pesca*. Ano 2003-2004.

Afiliados en pesca REM

Actividade	Homes	Mulleres	Afiliados REM
Pesca	4.942	608	5.550
Grupo 2A	1.992	12	2.004
Grupo 2B	1.707	7	1.714
C. Allea	1.735	227	1.962
C. Propia	5.404	5.619	11.023
Desemprego	2.411	315	2.726
Total	18.191	6.788	24.979

FONTE: Ficheiro de afiliación da Seguridade Social do Régime Especial do Mar en xuño de 2008.

Dentro do emprego pesqueiro galego destacan con nome propio dous colectivos femininos: as mariscadoras a pé, que protagonizaron un dos procesos de

³² A importancia da pesca constátase con datos económicos. Segundo os datos que achega o Instituto Galego de Estatística (IGE), en 2003-2004, a pesca extractiva, o marisqueo e a acuicultura achegaron o 10,7% do Produto Interior Bruto. E durante 2005 subxastáronse 161.843.359 kg de especies nas súas lonxas, por un valor económico de 412.558.602 de euros (*Anuario de Pesca, 2005*. Servizo de Producción Pesqueira. Dirección Xeral de Recursos Mariños. Consellería de Pescas).

³³ Hai anos calculábase que, por cada emprego no mar, se xeraban cinco en terra. Agora fálase de catro empregos indirectos grazas ao sector marítimo.

súas
 sión
 ións
 cui-
 pre-
 ..).³³

gos
 465
 251
 369
 057
 614
 756

EM
 550
 004
 714
 962
 023
 726
 979

lecc-
 s de
 e Esta-
 anterior
 cico de
 ariños.
 s indi-

profesionalización do seu oficio máis impresionantes, e do que xa se deu conta en reiteradas ocasións,³⁴ e o das redeiras, que hai poucos anos iniciaron tamén un camiño organizativo e reivindicativo moi interesante.

Afiliados e afiliadas en galicia ao REM por conta propia

Descripción colectivo	Homes	Mulleres	Total
Extracción de produtos do mar	76	9	85
Redeiro	51	683	734
Mariscadores a pé	479	3.876	4.355
Compoñente com. de bens ou soc. civil	23	2	25
Colaborador familiar	15	18	33
Autónomo Grupo III embarcado	3.394	412	3.806
Autónomo con barco menor de 10 t sen trab. por c. allea	185	3	188
Autónomos de mexilloeiras	1.181	616	1.797
Total xeral	5.404	5.619	11.023

FONTE: Ficheiro de afiliación da Seguridade Social do Réxime Especial do Mar en xuño de 2008.

As redeiras galegas e a súa loita por saír da economía somerxida

Nas imaxes da publicidade dos portos españois é habitual encontrar alguma redeira cosendo de modo apracible. Pero esta foto romántica oculta unha tremenda realidade, a dun sector esquecido, marxinado e en perigo de extinción.

O das redeiras é outro deses oficios tradicionalmente femininos³⁵ (o 93% dos afiliados como redeiros no REM en Galicia son mulleres)³⁶ e, por iso, desprestixiado e invisible, que tendería cara a súa extinción se non fose porque estas mulleres decidiron pasar á acción.

³⁴ Ver MARUGÁN PINTOS, B.: *Y cogieron ese tren... Profesionalización de las mariscadoras gallegas*. Xunta de Galicia e FSE. 2004; MARUGÁN PINTOS, B. (2005): «De la invisibilidad al reconocimiento. El recorrido de las mariscadoras gallegas hacia su profesionalización», en FRANGOUDES, K. e PASCUAL-FERNÁNDEZ, J. J. (eds): *Women in Fisheries and Aquaculture. Lessons from the past, current actions and ambitions for the future*. Asociación Canaria de Antropología. La Laguna, 2005, pp. 209-219 (<http://conference.fishwomen.org>); MARUGÁN PINTOS, B.: «The galician shellfishers: a women's silent revolution». 2006, disponible en www.marecentre.n/people-and-the-sea.3/papers; ou FRANGOUDES, K., MARUGÁN, B. e PASCUAL-FERNÁNDEZ, J. J.: «From open access to co-governance and conservation: The case of women shellfish collectors in Galicia (Spain)», en *Marine Policy*, 32. 2008, pp. 223-232.

³⁵ O que é unha característica de todo o norte de España, xa que en Asturias, de 37 persoas afiliadas como redeiros, 34 son mulleres. En Cantabria son mulleres as 21 persoas afiliadas ao REM como redeiros, e tamén son 190 as mulleres peixeiras das 193 afiliadas segundo figura no ficheiro de afiliación da Seguridade Social de xuño de 2008.

³⁶ Os homes adoitan traballar nos portos da Coruña, Vigo, Celeiro ou Burela, onde hai arrastre.

O 22 de febreiro de 2008 as redeiras ocuparon a Inspección de Traballo e a Delegación da Xunta de Galicia en Vigo para reclamar medidas contra o traballo ilegal que supón, segundo elas, o 67% do seu traballo total e está impedindo a profesionalización desta actividade. Antes desta medida de presión houbo outras, como a solicitude³⁷ ao Parlamento español dunha serie de actuacións ante a nula consideración da súa actividade, a invisibilidade da súa profesión e a precariedade da súa situación sociolaboral.

As redeiras saíron á rúa e os seus actos figuran nos medios de comunicación (prensa, radio, televisión e internet), algúns cursos e congresos,³⁸ o que supón xa a segunda vitoria, porque a primeira foi lograr organizar un colectivo atomizado nestes tempos de individualismo, fragmentación e desmobilización xeral nos que o fixeron. Co mérito engadido de ser un modelo a partir do que se foron agrupando o resto de redeiras doutros territorios para ir tecendo, nunca mellor dito, un camiño conxunto.

Se o esforzo se valorase a curto prazo, poderíase chegar a pensar que o resultado do seu activismo non está tendo efectos inmediatos porque, aínda que nas Xornadas de Intercooperación polo Emprego Digno e de Calidade, celebradas en novembro de 2007, conseguisen arrincar da Administración o compromiso de incluír este subsector dentro dos obxectivos da Inspección de Traballo para 2008, esta promesa aínda non se pode materializar en resultados,³⁹ pero é preciso facer balance e recordar que, a principios dos 2000, non se sabía moi ben nin cantas eran nin onde estaban. A invisibilidade do traballo obrigou ao Fondo Formación e á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, socios promotores do Proxecto Redeiras, a ir porto a porto para «destapar» unha actividade que formaba parte da economía somerxida.

A conclusión do estudio⁴⁰ era que se estaba ante un colectivo de entre 900 ou 1.200 redeiras que traballaban praticamente todo o ano, de luns a venres,

³⁷ Por parte de representantes da Asociación de Rederas y Neskatillas de Cerc de Euskadi, a Asociación de Neskatillas de Ondarroa, a Federación de Redeiras Artesás O Peirao, de Galicia, a entón inminente Asociación de Redeiras de Cantabria e as Redeiras de Asturias.

³⁸ As redeiras participaron activamente en Aktea Conference. Women in Fisheries and aquaculture: lessons from the past current actions and ambitions for the future, celebrada en novembro de 2004. Tamén nun curso de verán en San Sebastián o 5 e 6 de xullo de 2007 e na Conferencia Europea The European Women in Fisheries Conference , celebrada en Annalong (Irlanda) do 26 ao 29 de abril dese mesmo ano.

³⁹ Segundo os datos do ficheiro de afiliación da Seguridade Social, en decembro de 2007 o número de redeiros galegos afiliados era de 719 (663 mulleres e 56 homes). En xaneiro de 2008, 724 (669 mulleres e 55 homes) e, desde abril, a cifra está estancada en 734 (683 mulleres e 51 homes).

⁴⁰ IGLESIAS, M. J. e GAGO, E.: *Estudo socioeconómico das Redeiras/os en Galicia*. Xunta de Galicia e Fondo Formación. 2003.

e, malia ter aprendido o oficio por transmisión dunha mestra atadora, ao longo duns sete anos, só cobraban 2 euros por hora. A falta de recoñecemento social do seu traballo leváballes a ter, a pesar das súas habilidades, unha pobre imaxe do seu oficio. Os escasos ingresos non animaban o colectivo a darse de alta no Sistema de Seguridade Social, nin a saldar as súas contas con Facenda.⁴¹

Ademais, estas traballadoras encontrábanse con dificultades engadidas porque están situadas ao final da cadea do sector pesqueiro, que se move nunha crise de subsistencia constante. A isto uniase a división interna entre elas. A diferenza das mariscadoras, as redeiras non forman parte das confraría de pescadores e, entre elas, nuns casos nin se coñecen e noutras rivalizan ao entender que están situadas en posiciones antagónicas (unhas son redeiras de barco, do que o armador é esposo, ou incluso son redeiras do seu propio barco, e outras son atadoras que cobran dos armadores por traballo feito).⁴² Por tanto, había que empezar por conseguir que as redeiras se coñecesen e chegasen a encontrar un punto de unión que fose vantaxoso para todas.

É entón, a finais de 2002, cando a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos empeza a establecer contactos con elas, facendo do diálogo unha boa ferramenta de xestión fronte á falta de comunicación que conduciu noutras ocasións ao fracaso de modelos de xestión pesqueira (García Allut, 1999, p. 310). En abril de 2003 celébrase en Santiago de Compostela o I Encontro de Redeiras. Alí, un centenar de redeiras de distintos portos e distintas artes encontráronse e discutiron sobre as posibilidades de modificar unha triste realidade: as súas pésimas condicións de traballo. Na dialéctica entre o desexo e a imposibilidade venceu a oportunidade de intentalo colectivamente. A raíz deste encontro xurdiu a proposta de crear asociacións de redeiras en cada porto, coa finalidade de favorecer a comunicación entre elas e destas coa Admínistración,⁴³ pero, sobre todo, estableceuse o asociacionismo como un medio necesario para romper a invisibilidade e, sobre todo, o illamento, posto que moitas

⁴¹ Desde 1988 a actividade laboral de redeiras aparece como «profesional», como os médicos por exemplo. Como profesionais a retención aplicable do IRPF é dun 7%.

⁴² Esta diferente posición laboral (que non facía senón reproducir a dicotomía marxista entre propietarios dos medios de producción e os desposuidos dos mesmos) que tiven ocasión de presenciar no I Encontro de Redeiras será unha constante estrutural que seguramente se oculta no proceso, pero que se está logrando superar, e de aí o valor deste caso, no que a aposta se está gañando por parte das traballadoras, pola significación do traballo das mulleres, sexa cal sexa a súa posición, tendencia á que a directiva das redeiras non é aldea.

⁴³ Seguaise así, mimeticamente, o modelo seguido coas mariscadoras e que tan bons resultados recollera. Porén, cada situación require unhas estratexias e a unidade perseguida a través da organización de abajo cara a arriba axiña se mostrou equivoca neste colectivo tan fragmentado.

destas redeiras permanecían cosendo nos seus fogares de modo individual, sen relación ningunha con outra traballadora que puidese estar cosendo e reparando redes na casa do lado.⁴⁴

Pardellas (2002, p. 199) afirmaba que as posibilidades de evolución positiva do sector pesqueiro xiran arredor da interacción de tres variables: profesionalización da man de obra, racionalización do proceso produtivo e armazón organizativa do sector que lle permita adaptarse ás necesidades do mercado. Unha aposta decidida pola profesionalización deste colectivo por parte da Administración esixía sacar á luz, e fóra do ámbito doméstico, este oficio inscrito na economía somerxida, o que levaría as redeiras a interactuaren e, a medio prazo, a se organizaren.

A partir do I Encontro, e contando con persoal da Axencia Galega de Desenvolvemento do Litoral (ADELGA), vanse creando unha serie de asociacións en diferentes localidades costeiras a tal velocidade que a Consellería verase impelida a organizar o II Encontro de Redeiras o 30 de outubro dese mesmo ano. O cambio a nivel organizativo fora espectacular: de abril a outubro constituíran oito asociacións e tres estaban en constitución. Neste segundo Encontro a mensaxe institucional de compromiso co proxecto foi claro e directo: «para lograr a profesionalización deste sector ides contar sempre coa axuda e a colaboración da Xunta», diría o subdirector Xeral de Ensino e Desenvolvemento Pesqueiro. Pero ademais recibiron o apoio doutros organismos da Administración. Nun exercicio de coordinación da Administración autonómica, desde a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, presentouse o que desde esas instancias podería beneficiar a estas mulleres.⁴⁵

Pero o máis importante é que se tratou a estas mulleres e homes como suxeitos con capacidade de decidiren e tomaren as rédeas da súa propia actividade. Desde as institucións recoñeceuse a importancia «vital» do papel das redeiras para o funcionamento da actividade pesqueira porque, sen redes, non hai pesca. Pero, ademais, foron tratadas como profesionais e elas e eles responderon como tales, facéndose responsables de xestionar o cambio que enten-

⁴⁴ Unha vez máis, comprobábase aquí a rixidez do modelo interpretativo ilustrado que establece a delimitación dicotómica público-privado e, sobre todo, home-público-traballo vs. muller-doméstico-non traballo. En situacions como esta é nas que as mulleres realizan un traballo retribuído, non doméstico, no fogar.

⁴⁵ Unha novidade neste sentido é o anuncio da secretaría xeral de Igualdade de outorgar unha axuda da Xunta ás redeiras, baixo o Programa Arlinga, para completar a súa cotización á Seguridade Social.

dían necesario. A implicación e asunción da dirección do proxecto polo colectivo permitiu que a transformación, que no seu día iniciara a Xunta, se consolidase. Entre as redeiras déronse os elementos que A. Eztzoni (1980) reconoce necesarios en todo proceso de cambio: conciencia social, compromiso a través da participación e apertura de vías reais para a participación efectiva.

De modo que, cando as redeiras se viron como suxeitos con dereitos, comenzaron a esixilos. Desde 2002 constituíran catorce asociacións profesionais para defender e representar os seus intereses. Necesitaban locais adecuados para traballar, un recoñecemento a través dun certificado profesional e, sobre todo, acabar co intrusismo laboral que as sumía na miseria económica.

A foto das redeiras que daba o *Estudo socioeconómico das Redeiras/os en Galicia* de 2000 (no que se destacaban entre as súas debilidades o baixo nivel de estudos, a aprendizaxe por transmisión, a escasa flexibilidade laboral, a falta de re-cambio xeracional, a economía somerxida e as baixas rendas anuais que dificultaban a cotización á Seguridade Social) non cambiara ainda moito a pesar do seu esforzo organizativo pois, en 2003, o estudio *A muller no mundo da pesca en Galicia* (Gago e outras, 2004), seguía mostrando a existencia da maioría destas debilidades.⁴⁶ Agora ben, non se podía seguir falando nin do carácter individualista nin da escasa ou tensa relación entre os grupos de redeiras. Ademais había exemplos do éxito de iniciativas empresariais e crearan cooperativas que empezaban a funcionar, ademais de ter aprobado un programa Equal.⁴⁷

Como asociacións locais conseguiran novos locais de traballo, accederon a unha formación específica⁴⁸ e obtiveran información laboral e fiscal. Pero, xa que existían asociacións na práctica totalidade dos portos onde traballaban redeiras, pensaron que chegara o momento de dar un paso máis. Así, o 30 de setembro de 2004, no III Encontro de Redeiras, debatérónse e aprobáronse os Estatutos da Federación Galega de Redeiras Artesás.

⁴⁶ As conclusións que aparecen sobre as redeiras nesta obra son as seguintes: un 20% delas non teñen estudos, un 15% non teñen filiación na Seguridade Social, o nivel de ingresos é moi baixo (é o colectivo con menor nivel de ingresos dentro dos sectores nos que traballa a muller), a estabilidade no posto de traballo é dun nivel medio-baixo, fáltales relevo xeracional (un 40% das redeiras dicen que os seus fillos ou fillas non van continuar nesa actividade) e sóbranllles malas perspectivas de futuro.

⁴⁷ O proxecto «NEXUS-REDE, retos e desafíos para a adaptabilidade das cooperativas e o fomento da igualdade de oportunidades en sectores estratégicos da economía galega».

⁴⁸ De 2002 a 2006 desenvolvérónse un total de 36 accións formativas, con máis de 930 horas de formación, dunha gran variedade temática (desde técnicas concretas de atado e reparación, a dirección de asociacións e formación directiva, cursos de informática e internet...). A utilización, apoio e promoción a través das novas tecnoloxías ofrece unha imaxe moderna do colectivo que choca co carácter tradicional e tendente á desaparición co que se cualifica socialmente este oficio.

Un total de once asociacións componen a Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao,⁴⁹ cun total de 254 redeiras. Entre os seus obxectivos figuran os de dignificar a profesión (facéndoa socialmente visible) e mellorar as condicións de traballo, así como loitar contra o intrusismo profesional e buscar novas saídas profesionais. A creación da Federación Galega de Redeiras Artesás outorgolles unha maior visibilidade e autoestima profesional como colectivo. Estas mulleres souberon aproveitar perfectamente a utilización das novas técnicas de comunicación e información, de modo que, entre as redeiras, dadas de alta na Seguridade Social, sexa posible intercambiar traballos. Agora que as redeiras saben da súa valía profesional, resta que a Administración poña mans á obra e aplique os medios necesarios para que se acabe co traballo ilegal.

Bibliografía

- ALONSO BARCÓN, A.: «Mulleres a bordo», en *Mar*, 241. 1986.
- BALBO, L.: «A doppia presenza», en *Inchiesta*, 32. 1978, pp. 3-6
- BECK, U.: *La sociedad de riesgo. Hacia un nueva modernidad*. Paidós. Barcelona, 1998.
- BENERÍAS, L.: *Mujeres y economía. Nuevas perspectivas para viejos y nuevos problemas*. Icaria. Barcelona, 1999.
- BORDERÍAS, C.: *Entre líneas*. Icaria. Barcelona, 1993.
- CAMARERO RIOJA, L.A.: *Nuevos y viejos problemas de la sociología rural*. Relatorio presentado na reunión do Grupo de Sociología Rural da FES. Granada, 1997. Mimeografiada.
- CARMONA, J. E., GARCÍA LOMPARDERO, J.: «De fábrica dispersa a pariente de la aldea: la cuestión industrial en los orígenes de la Galicia contemporánea», en FERNÁNDEZ DE PINEDO, E. e HERNÁNDEZ MARCO, J. L. (eds.): *La industrialización del Norte de España*, Crítica-Universidad del País Vasco. Barcelona 1988, pp. 80-98.
- CARRASCO, C.: *El trabajo doméstico. Un análisis económico*. Ministerio de Trabajo y Seguridad Social. Madrid, 1991.

⁴⁹ Esta Federación constitúese coas asociacións de Redeiras Virxe do Carme (Porto do Son, Ribeira, Aguiño e Portosín), Cariño, O Fieital de Malpica, Lorbé e a Mariña, Mar da Illa de Malpica e Cedeira, Maruxía de Cambados e Mar de Laxe.

- deiras
guran
con-
buscar
artesás
ctivo.
s téc-
dadas
que as
mans
al.
- elona,
proble-
atorio
anada,
nte de
ánea»,
indus-
celona
rabajo
Portosín),
r de Laxe.
- CARRASQUER OTO, P.: «¿En los límites de la modernidad? Trabajo y empleo femenino precario en España», en *Sistemas. Revista de Ciencias Sociales*, 167. 2002, pp. 73-100.
- CASTELLS, C. (com.): *Perspectivas Feministas en Teoría política*. Paidós. Barceloa, 1996.
- DÍEZ MONTOYA, E.: *La industria de la pesca en la Costa Cantábrica. Estudio político-social de la situación del pescador en esta industria*. Norte. Serie «Documentación». Centro de Estudios Rurales de Cantabria, 1980. Universidad de Cantabria. Santander, 1992. Edición e introducción a cargo de Alberto Ansola Fernández.
- DURÁN HERAS, M. A.: «El dualismo de la economía española», en *Información Comercial Española*, 655. 1988, pp. 9-26.
- DURÁN HERAS, M. A.: «A conceptualización do traballo na sociedade contemporánea», en *Revista Economía e Socioloxía (RES)*, 13-14. 1991, pp. 8-22.
- ETZIONI, A.: *La sociedad activa*. Aguilar. Madrid, 1980
- FAO: *Informe sobre el estado mundial de la pesca y la acuicultura*. ONU. Roma, 2005.
- GAGO CONDE, C. (2004): *A muller no mundo da pesca*. Xunta de Galicia e Fondo Social Europeo. Pontevedra, 2004.
- GARCÍA ALLUT, A.: «Compartición de conocimiento tradicional y científico para una gestión más adecuada de las pesquerías», en *Etnografía*, vol.III. 1999, pp. 309-331.
- GÓMEZ PELLÓN E OUTROS: *Santoña: de los escabeches a los salazones. La transformación de una villa litoral de Cantabria*. Universidad de Cantabria. Santander, 2000.
- GONZÁLEZ LAXE, F.: «Desenrolo capitalista e crise pesqueira», en *Documentos de Divulgación*, 1. Imprenta Comercial. A Coruña, 1977.
- GUERRA, E.: «El trabajo de las mujeres: modelos interpretativos para comprender el presente e imaginar el futuro», en *Sociología del Trabajo*, 3, 1988, pp. 3-15.
- IBÁÑEZ, J. (1991): «Comunicaciones entre los pueblos y la ciudad», en *Política y Sociedad*, 8. 1991, pp. 95-100.
- LAFONTE, A. (2007): «Los cuatro entornos del pro-común», en *Archipiélago. Cuaderno de Crítica de la Cultura*, 77-78. 2007, pp. 15-26.
- LAHERA SÁNCHEZ, A.: «La crítica de la economía de mercado en Karl Polanyi: el análisis institucional como pensamiento para la acción», en *Revista Española de Investigaciones Científicas*. 1999, pp. 27-54.

- LE PLAY, F.: *Campesinos y pescadores del norte de España*. MAPA, 1856. Madrid, 1990. Introducción e notas a cargo de José Sierra Álvarez Domínguez (ed.) e postfacio de Rafael Domínguez Martín.
- OSBORNE, R.: *La construcción sexual de la realidad: un debate de la sociología contemporánea de la mujer*. Cátedra. Madrid, 1993.
- MARUGÁN PINTOS, B.: «As mulleres do mar. Entre o cambio e a continuidade», en *Mulleres e Sociedade Rural*. Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Madrid, 1999, pp.141-154.
- MARUGÁN PINTOS, B.: *I Encontro de Redeiras*. Xunta de Galicia e Fondo Social Europeo. 2003.
- MARUGÁN PINTOS, B.: *II Encontro de Redeiras*. Xunta de Galicia e Fondo Social Europeo. 2003.
- MARUGÁN PINTOS, B.: *III Encontro de Redeiras*. Xunta de Galicia e Fondo Social Europeo. 2004.
- MONTERO LLERANDI, J. M.: «Mujer y trabajo en las comunidades pesqueras», en *Mar*, 241 e 242. Abril e maio de 1986.
- MURILLO, S.: *El mito de la vida privada. De la entrega al tiempo propio*. Siglo XXI de España Editores. Madrid, 1996.
- PARDELLAS, X. X. (2002): «Marisqueo y turismo: cambio de valores sociales», en PÉREZ VILARIÑO, J. e BOUZADA FERNÁNDEZ, X. (eds.): *Las encrucijadas del cambio social*. CIS e Universidade de Vigo. Vilargarcía de Arousa, 2002, pp.195-208.
- PASCUAL-FERNÁNDEZ J. J. (ed.): *La mujer en la pesca, la acuicultura y el marisqueo en el contexto comunitario*. Asociación Canaria de Antropología. La Laguna (Tenerife), 2005.
- POLANYI, K.: *El sustento del hombre*. Mondadori. Barcelona, 1994.
- PRIETO, C.: «Los estudios sobre mujer, trabajo y empleo: caminos recorridos, caminos por recorrer», en *Política y Sociedad*, 32. 1999, pp. 141-149.
- PROKOP, U.: *Relatà e desiderio. L'ambivalenza femminile*. Feltrinelli. Bologna, 1978.
- RE, A. DEL (1995): «Tiempo del trabajo asalariado y tiempo del trabajo de reproducción», en *Política y sociedad*, 19. 1995, pp. 75-81.
- RECIO, R (1997): «Sindicatos y globalización económica», en VVAA: *¿Qué crisis? Retos y transformaciones de la sociedad del trabajo*. Gakoa. Donostia, 1997, pp.159-180.
- RODRÍGUEZ, A.: «Del reparto del empleo al reparto del trabajo. La reorganización del tiempo de trabajo desde la perspectiva de género», en RODRÍ-

- Iadirid,
z (ed.)
- ía con-
- dade»,
s. Ma-
- Social
- Social
- Fondo
- ueras»,
- o XXI
- ciales»,
cijadas
2002,
- risqueo
aguna
- ridos,
1978.
ajo de
- Qué cri-
1997,
- eorga-
ODRÍ-
- GUEZ, GOÑI e MAGUREGI (ed.): *El futuro del trabajo. Reorganizar y repartir desde la perspectiva de las mujeres*. Bakeaz-CDEM. Bilbao, 1996.
- RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, G. e outros: «Participación de las mujeres en la producción de mejillón en Galicia. Aspectos diferenciales en el marco del sector pesquero gallego», en FRANGOUDES, K e PASCUAL-FERNÁNDEZ, J. J. (eds.): *Women in Fisheries and Aquaculture. Lessons from the past, current actions and ambitions for the future*. Asociación Canaria de Antropología. La Laguna, 2005, pp. 231-246.
- RUBIO-ARDANAZ, J. A.: *Antropología marítima subdisciplina de la antropología cultura*. Universidad de Deusto. Bilbao, 1994.
- SÁNCHEZ FERNÁNDEZ, J. O.: *Ecología y estrategias sociales de los pescadores de Cudillero*. Siglo XXI de España Editores. Madrid, 1992.
- SARACENO L.: *Dalla parte della donna. A questione femminile nelle società industriale avanzata*. De Donato. Bari, 1978.
- SALTZMAN, J.: *Equidad y género. Una teoría integrada de estabilidad y cambio*. Cátedra. Madrid, 1989.